

volume XXXI, número 5

novembro de 2019

RESISTENCIAS A ANTIBIÓTICOS PRIORITARIAS, GALICIA 2018.....	páxina 1
DISPENSACIÓN COMUNITARIA DE ANTIBIÓTICOS EN GALICIA DE 2014 A 2018.....	páxina 2
A INFECCIÓN GONOCÓCICA EN GALICIA EN 2018.....	páxina 15

## RESISTENCIAS A ANTIBIÓTICOS PRIORITARIAS, GALICIA 2018

**Introdución.** En 2016, o Plan español para controlar a resistencia aos antibióticos seleccionou unha serie de resistencias como prioritarias de cara aos seus seguimento e intervención<sup>1</sup>. A información sobre a situación destas resistencias en Galicia incorporouse paulatinamente e na actualidade está integrada nos informes de seguimento da resistencia a antibióticos en Galicia que, dende 2007 e con periodicidade bianual, elabora a Sociedade galega de microbiología clínica (Sogamic) en colaboración coa DXSP<sup>2</sup>.

Na táboa amósanse os valores de resistencia para os diferentes anos. Os datos fan referencia aos illados en sangue ou LCR (1 illado por doente e ano) realizados nos hospitais públicos de Galicia e Povisa. Respectáronse os criterios de interpretación empregados en cadanxeu laboratorio.

Microorganismo	antibiótico	Porcentaxe de illamentos resistentes				Nº illamentos*		
		2015	2016	2017	2018	2016	2017	2018
<i>E. coli</i>	Imipenem	0'04	0'04	0'08	0'00	2.428	2.558	2.627
	Ertapenem	0'13	0'08	0'04	0'08	2.391	2.540	2.615
<i>K. pneumoniae</i>	Imipenem	10'3	18'3	13'8	9'5	485	493	547
	Ertapenem	12'6	24'4	19'3	13'0	471	408	540
<i>A. baumannii</i>	Imipenem	0'00	27'3	0'00	0'00	11	14	7
	Meropenem	0'00	37'5	0'00	0'00	8	6	3
<i>P. aeruginosa</i>	Imipenem	17'2	17'3	18'1	15'0	214	238	233
	Meropenem	15'6	15'7	14'0	10'0	185	222	219
<i>S. aureus</i>	Meticilina	21'1	21'6	21'7	18'5	703	774	841
<i>E. faecium</i>	Vancomicina	1'27	0'00	0'57	1'10	140	174	181
<i>E. faecalis</i>	Vancomicina	0'00	0'00	0'29	0'00	339	348	375

Nota: A non sensibilidade a carbapenemes é por calquera mecanismo de resistencia, e non só por carbapenemas.

(\*) Número de illamentos nos que se estudiou a sensibilidade ao antibiótico.

<sup>1</sup> DXSP. Plan español de control das resistencias a antimicrobianos. Boletín Epidemiológico de Galicia 2016; vol. XXVIII, nº 5.

<sup>2</sup> Os informes Sogamic sobre resistencias pódense consultar na páxina web da DXSP. [Ligazón]